

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 21 DE NOVIEMBRE DE 2013**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as catorce horas e dez minutos do día 21 de novembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame do único punto da orde do día:

### **1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBOR O PROGRAMA TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO**

Iníciase a debate do punto do día expoñendo o sr. Alcalde o contido da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A NECESARIA MODIFICACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DAS BASES QUE REGULAN O PROGRAMA TEMPORAL DE FOMENTO DO EMPREGO, POR SEREN CLARAMENTE ARBITRARIAS E DISCRIMINATORIAS

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, elevo ao Pleno da Corporación a seguinte proposta:

#### *Exposición de motivos:*

O pasado día 9 de novembro de 2013 publicáronse no BOP de Lugo as bases que regulan as axudas e subvencións para concello da Provincia de Lugo de menos de 5000 habitantes, para o programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio.

Ditas bases limitan as axudas aos concellos de poboación inferior aos 5000 habitantes e esixen que, no período comprendido entre os anos 2010 e 2013 no funcionar ou empecen a funcionar, escolas obradoiros ou obradoiros de emprego.

Pero os criterios resctrictivos non rematan aquí, senón que pola vía de esixir unha puntuación mínima a acadar para o acceso ao plan de emprego, establécese como requisitos o ter unha determinada porcentaxe de superficie forestal (ata 15 puntos) ou de superficie de red natura 2000 (ata 15 puntos). Criterios todos eles desvencellados do emprego.

Por último, a duración do contrato de traballo será de 15 meses, é dicir, que os contratos de traballo casualmente se iniciarán antes das eleccións aos Parlamento Europeo e rematarán xusto para as próximas eleccións municipais.

Da valoración de estos requisitos e criterios de valoración debemos concluir a total arbitrariedade na fixación dos requisitos e criterios do plan, tralo cal parecen existir uns intereses que non coinciden coa loita contra o desemprego.

De ser a intención da Deputación a loita contra o desemprego non fixaría uns criterios que deixan fora do plan ao 90,15% dos desempregados da provincia, polo que unicamente poderán participar no plan o 9,85% dos lucenses, que, ademais, deberán pertencer aos concellos de maior superficie forestal ou de rede natural.

Con este plan parece estarse a facer un retrato de determinados concellos aos que non se quere nomear, pero que si que quere premiarse por algún motivo.

De feito, se examinamos os concellos que poden entrar na convocatoria obtemos os seguintes e esclarecedores resultados:

Dos 67 concellos da provincia unicamente poden participar 24.

Examinada a cor política dos 24 que poden participar, obtense o seguinte e esclarecedor resultado:

- 16 concellos son do PSOE máis do BNG

- Unicamente 8 concellos están gobernados polo PP.

É dicir, o 66,67 dos concellos pertencen á cor política do equipo de goberno da Deputación (PSOE máis BNG), o que é sorprendente cando o 64,18% dos concellos da provincia son gobernados polo PP.

E non pode alegarse coma título competencial da Deputación a de *“a asistencia e cooperación xurídica, técnica e económica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade de xestión”*, para excluir aos de poboación inferior aos 5000 habitantes. Xa que dito título competencial vai referido ao correcto exercicio polos concellos das súas competencias, que non son senón as enumeradas nos artigos 25 e 26 da LBRL, entre as cales non se atopa o fomento do emprego, que non é unha competencia local, senón autonómica.

Polo tanto, a discriminación que establecen as bases carece de soporte legal algún.

A vista destes datos, ¿Cal é a intención real deste plan de emprego?. ¿realmente é o de favorecer o emprego?

Non é esta a intención porque senón se primaría o número de desempregados e non aspectos totalmente desvencellados do desemprego ou incluso contrarios, tal coma o de excluir a concellos que, precisamente polo seu nivel de desemprego, foron beneficiarios de obradoiros de emprego dende o ano 2010 ou premiar a concellos cun alta porcentaxe de superficie forestal e rede natural.

E non é esta a intención, senón a de facer política, porque a diferenza de outros plans de emprego tamén discutibles coma o plan Lugo emprega, agora a duración dos contratos é de 15 meses.

¿Por qué? ¿qué é o que cambiou para que a Deputación modifique o seu anterior criterio de duración dos contratos de fomento do emprego?

Cambiou o calendario electoral, xa que os contratos teñen que estar asinados antes de maio de 2014 (eleccións ao parlamento europeo), e dende entón faltarán menos de 15 meses para as eleccións municipais de ano 2015. É dicir, preténdense “trocar” un puñado de votos por un posto de traballo e facelo cos cartos de todos.

Por todo o anterior cabe concluir:

- Que os criterios das bases para o programa temporal de emprego son absolutamente arbitrarios e discriminatorios.
- Que non se corresponden en absoluto coa loita contra o desemprego, senón co cor político de determinados concellos.
- Que discriminan e deixan de lado ao 90% dos desempregados lucenses.

Por todo iso, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar á Deputación Provincial de Lugo a modificar as bases que regulan o programa temporal de fomento do emprego e posta en valor do territorio ao entender que é discriminatorio e exclúinte cos concellos e desempregados lucenses.

En Outeiro de Rei, a 18 de novembro de 2013”

Rematada a defensa da proposta, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, fai uso da palabra e anuncia que os concelleiros do seu grupo renuncian a súa dieta por asistencia ao pleno e propoñen que dita contía se asigne a unha asociación de axuda ás vítimas de Filipinas, xa que lles parece que a convocatoria deste Pleno é insólita, en tanto ten por obxecto atacar unha iniciativa de xeneración de emprego que, hoxe máis que nunca, é importante.

En segundo lugar, plantexa ao sr. Alcalde unha serie de preguntas para a súa aclaración:

- 1.- Se está o sr. Alcalde a favor da creación de emprego.
- 2.- Se realmente cree que os obradoiros de emprego favorecen o emprego.
- 3.- Se cando unha administración, sexa cal sexa, saca unha convocatoria de axudas para a creación de emprego, todos, absolutamente todos os concellos deben beneficiarse das mesmas de xeito proporcional ás súas circunstancias e, nese caso, se estaría disposto a asinar un documento esixindo a dita administración que se outorgue dita axuda aos concellos que non foron beneficiarios.
- 4.- Se está a favor de apoiar o I+E+I na industria agroalimentaria.
- 5.- Se entende que o desenvolvemento rural é importante na creación de emprego.

Rematada esta intervención, toma a palabra o voceiro do BNG, quen afirma que, en supostos de insuficiencia orzamentaria o que hai que facer é optimizar os recursos disponibles e que a propia deputación lle gustaría contar con máis cartos para este programa.

Tamén afirma que a mellor loita contra o desemprego é non crear desempregados, e recorda que o sr. Feijó prometeu o pleno emprego e, pola contra, obtivo a maior taxa de destrución de emprego que se recorda.

Polo que atinxe ás acusacións de discriminación, recorda que dos 28 concellos de Lugo beneficiarios de obradoiros de emprego, 19 eran gobernados polo PP. Por iso, as

bases da convocatoria da deputación pretenden corrixir esa discriminación beneficiando aos concellos que foron excluídos.

O sr. Alcalde resposta que a Deputación debería solidarizarse e apoiar a tódolos parados, con independencia da cor política que goberna o seu concello. E non fai isto dende o momento en que elimina a posibilidade de beneficiarse da convocatoria ao 95% dos parados da provincia.

Este plan non está a favor da creación de emprego, senón de outra cousa. E os números o deixan ben claro cando constatan que dos aproximadamente 350.000 habitantes que ten a provincia unicamente podan beneficiarse 26.000 habitantes, e non o poidan facer 324.000 habitantes.

En resposta aos obradoiros de emprego, considera que benefician ao emprego en tanto permiten o aprendizaxe, e non creo que ninguén dubide que a formación repercute a favor do emprego.

Polo que atinxe á seguinte pregunta, afirma que todos os concellos deben ter a posibilidade de participar nas convocatorias. O que é aberrante é unha situación coma a das bases da deputación na que non poden participar os concellos que representan máis do 90% dos parados da provincia.

En resposta ao voceiro do BNG, afirma que non se fai o que se pode. As limitacións orzamentarias non son a causa da conducta da deputación. E recórdalle que no exercicio anterior deixáronse sen executar 2.764.000 euros da partida de fomento do emprego. E do pacto provincial polo emprego deixaron se executar 1.998.000 euros. Polo tanto, aquí non se fai o que se pode, senón o que se quere.

E así o acredita o feito de que se deixaron sen executar catro millóns de euros en fomento do emprego.

E se dos 28 concellos de Lugo beneficiarios de obradoiros de emprego, 19 eran gobernados polo PP, iso significa que 9 non o eran, o que moi razoable atendendo ás porcentaxes de municipios da provincia gobernados polas diferentes forzas políticas.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, non cree que as porcentaxes de desemprego por municipios que exhibiu o sr. Alcalde sexan determinantes. O importante é crear emprego. Se a porcentaxe de desemprego do concello onde se actúa é do 1%, ou do 5%, é o de menos. O importante é crear emprego ata onde cheguen os cartos.

Por outra banda, afirma que os obradoiros favorecen o emprego. Se é así, explícase que se deba actuar precisamente nos concellos onde non hai obradoiros. Asemade, afirma que todos os concellos deben concurrir ás axudas en igualdade de oportunidades. ¿entón porqué non poden concurrir todos os concellos en igualdade de oportunidades aos obradoiros de emprego?. Porque ao esixires un mínimo de 500 parados para outorgar os obradoiros se está a excluír aos concellos de menor poboación. E cando se unen para concorrir resulta que se lles exclúe.

Tamén afirma o Alcalde que é importante o I+D+I así como o desenvolvemento rural, e sen embargo, ataca unhas bases que, precisamente, fixan coma criterio o ter unha determinada porcentaxe de masa forestal o de rede Natura. E recorda que unha cousa é que aquí non se saiba aproveitar a potencialidade da rede natura na creación de emprego e outra ben distinta é que non teña tal potencialidade. De feito, afirma que en Europa se xeneraron máis de doce millóns de postos de traballo. E non hai máis que acercarse a Asturias para ver o que se pode facer. Mentres que aquí se dan axudas para desenvolver

parques eólicos mentres que se retiran axudas ás industrias agroalimentarias que fixan poboación no medio rural.

O voceiro do BNG plantexa outros datos diferentes aos que expuxo o Alcalde. A deputación, dende o ano 2007 desenrolou programas de emprego con preto de 4000 persoas beneficiarias. Asemade, para o ano 2014 orzamentáronse catro millóns de euros máis para plans de emprego da provincia.

No que atinxe a que non ten que ver a cor política do concello coa destrución de emprego, non hai que ver como rematou o de Alimentos Lácteos, no que ten moito que ver unha decisión política da Xunta de Galicia. Isto é destrución de emprego e isto é o que fai o goberno de Feijó dende que goberna. Polo tanto, o PP non é o máis indicado para dar leccións de fomento do emprego.

O sr. Alcalde resalta que as intervencións dos voceiros dos grupos do PSOE e máis do BNG teñen en común fundamentalmente unha cousa: ambos afirman que as administracións que eles gobernan teñen moi en conta a cor política dos concellos. Pero esa política baseada na cor política dos concellos esquece a quenes hai precisamente que atender: aos desempregos e aos colectivos máis desfavorecidos.

E a proba principal é que dos doce concellos que poden participar coas bases da Deputación, once están gobernados polo PSOE ou BNG.

E no que atinxe ao reparto dos obradoiros de emprego, destaca que dos 34 concellos que non recibiron obradoiros na provincia, 16 nunca o solicitaron, polo que dificilmente poderían ser beneficiarios. E de eses 34, 33 non o solicitaron todos os anos. Polo tanto, unicamente hai un concello ao que, tras solicitalo todos os anos, non llo concederon. E concellos coma Lugo, Mondoñedo, O Valadouro (con dous obradoiros), Rábade ... etc. que non están gobernados polo PP, foron beneficiarios de obradoiros de emprego. Polo tanto, non poden escudarse na Xunta de Galicia á hora de aprobar estas bases abertamente discriminatorias.

E insiste en que unha cousa é que todos os concellos poidan participar nas convocatorias (coma o obradoiro de emprego) e que unicamente se outorguen ás propostas que reúnan a meirande puntuación, e outra ben distinta que xa non poidan nin participar, non poidan nin botar a solicitude concellos que representa a 324.000 habitantes da provincia. É dicir, unicamente poderán participar 12 concellos dos 67 que ten a provincia.

Iso por non comentar a enorme casualidade que supón que os plans de emprego provinciais coincidisen, precisamente, coas eleccións locais. E nos anos intermedios non se aprobouse ningún.

Denuncia a incongruencia dos grupos da oposición, que agora apelan á rede natura cando no seu momento opuñaense frontalmente á rede natura.

E a rede natura e a porcentaxe de solo forestal están vencellados ao desenrolo rural coma moitas outras circunstancias que non se teñen en conta.

En relación ao comentario do voceiro do BNG relativo á destrución de emprego, afirma que todo o mundo coñece quén neste país, por dúas veces dende a democracia, destruíu emprego en cantidades inadmisibles. Non hai máis que contar os parados que había cando entrou Felipe González e os que había cando saíu. E os que había cando entrou Zapatero e os que había cando saíu.

Por todo o anterior conclúe que este plan de emprego provincial é totalmente sectorial e electoralista. E o é porque dos 12 concellos beneficiarios 11 son do PSOE e máis do BNG. Acadar isto é realmente difícil, pero o conseguiron.

E é electoralista porque a deputación soamente desprega plans de emprego antes das eleccións municipais. O fixo co plan Lugo emprega e o volve a facer agora. E durante os anos intermedios “non electorais” non desprega actuación algunha. Isto é totalmente impresentable.

Anuncia que os concelleiros do grupo municipal do PP renuncian a súa dieta por asistencia ao presente Pleno e solicita formalmente que se modifiquen as bases para dar cabida a todos os concellos e que se amplíe a partida orzamentaria adicada a tal fin co gallo de que poidan participar todos os parados. Porque tense que mirar polos desempregados, non pola cor dos concellos.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

E sendo ás catorce horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto bo do sr. Alcalde

O Secretario

VºBº, O Alcalde